

A crítica literaria no século XIX: Pardo Bazán e Curros

Carme Hermida

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

HERMIDA, CARME (2011 [1988]). “A crítica literaria no século XIX: Pardo Bazán e Curros”. *Dorna*: 13, 101-104. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/193>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

HERMIDA, CARME (1988). “A crítica literaria no século XIX: Pardo Bazán e Curros”. *Dorna*: 13, 101-104.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as. Cabe a posibilidade de que existan diferenzas —derivadas do proceso de edición orixinal— entre este texto en pdf e o publicado no seu día.

"E, d'a gorxa que ser debería
Tallada n'un cepo,
A pauliña saíu qu'escomulga
Ó insine Colombo y-ó gran Galileo" (8).

A falsidade das excomunion de Colón e de Galileo serve para sementa-la idea de que Curros é un terxiversador que pretende "vaciar en el molde de sus ideas la historia" (p. 183).

Outro dos factores que contribúen á descalificación da poesía social é, ó modo de ver da autora, a intransixencia que se manifesta nalgúns poemas e que non coincide co calificativo, que ela mesma lle aplica, de demócrata. A composición "Mirand'o chau" é un bo exemplo do que acabamos de dicir porque "el Sr. Curros (...) no transije ni con que nadie goce del derecho de ir en peregrinación á Roma" (p. 182).

En definitiva, a poesía político-social de Curros non merece unha boa consideración porque nin o xénero escollido para facer denuncia social é o máis apropiado nin as ideas que destas poesías se desprenden son aceptables para a sociedade do momento:

"Es la segunda personalidad del Sr. Curros la de un demócrata *impresionado* (...) que dice en verso lo que en prosa temería proclamar por miedo a la sonrisilla escéptica que el desengañado último tercio del siglo XIX vá adoptando como miedo -tal vez el más eficaz- de combatir utopias que al tomar cuerpo realizándose, á nadie acaso espantáran tanto como á sus padres y patrocinadores" (p. 181).

Antes de rematar, e como unha curiosidade, queremos menciona-la sutil retranca que a autora emprega para burlarse do desexo expresado por Curros

de que o galego se convirta no idioma universal:

"Dando que el gallego llegue á ser nada ménos que idioma único del universo, gran porvenir aguarda a estas desaliñadas líneas, donde críticamente se examina (...) uno de los primeros monumentos del famoso universal idioma. Pero ¿qué van á decir cuando lo sepan el ilustre trovador Víctor Balaguer y los catalanistas...? (p. 182).

Esta crítica de Dona Emilia Pardo Bazán, tan someramente resumida, pémitenos reflexionar sobre dous factores importantes, sobre os que calquera crítico debería pararse ó realiza-lo seu labor. Un deles é a diferente consideración con que unha obra é xulgada segundo a época na que se examina. Os contemporáneos de Curros admiraron máis nel a súa vea costumista (aínda que esta afirmación tería que ser contrastada con máis datos dos que posuímos) cá súa faceta de poeta social. Na actualidade, aínda que se lle recoñezan os méritos das poesías costumistas, se Curros é un personaxe senlleiro dentro das nosas letras é pola súa poesía de compromiso político-social. O segundo factor ten que ver coa ideoloxía, a do crítico e a da obra ou do seu autor. Como se puido observar, a valoración que Pardo Bazán fai da poesía social de Curros está totalmente condicionada pola súa ideoloxía, totalmente oposta á do autor analizado. Con isto non queremos dicir que un crítico debe ter uns posicionamentos ideolóxicos neutros, senón todo o contrario, pero á hora de realiza-lo seu traballo debería ter en conta que unha obra de arte, independentemente da ideoloxía que nela se expresa, ten que ser valorada como tal e non en función daquela.

(8) CURROS ENRÍQUEZ, M., *Aires d'a miña terra*, Ourense, 1880, páx. 104.